



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xullo 2018

Santiago de Compostela, 07 de setembro de 2018


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en xullo de 2018 un crecemento do 3,5% con respecto a xullo de 2017, mentres que a nivel nacional o crecemento foi dun 2,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, os de equipo e os intermedios creceron un 5,8%, 2,9% e 7,8% respectivamente. Pola contra, a enerxía retrocedeu un 2,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación doutro material de transporte” que achega 1,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 0,9 puntos e a “fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que achega 0,8 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de mobles” e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que restan 0,3 puntos cada unha delas, a “producción de enerxía eléctrica” que resta 1,2 puntos, e “fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que minora 1,3 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



Índice

VARIACIÓNS (%)

Interanual

No que vai de ano

	Índice	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	112,7	3,5	7,3
Bens de consumo	122,4	5,8	0,8
Bens de equipo	107,6	2,9	3,3
Bens intermedios	123,8	7,8	11,7
Enerxía	98,9	-2,9	12,8

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xullo de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 3,5%, mellorando en sete puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-3,5%). En España rexistrouse un aumento do 2,8%, mellorando en cinco puntos a taxa acadada no mes anterior (-2,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha variación do 5,8%, o que ten unha repercusión positiva de 1,4 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 2,9%, o que achega 0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 7,8% cunha repercusión positiva de 2,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 2,9% restando 0,7 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xuño de 2018, por destino económico, os bens de consumo melloran 11,4 puntos, os bens de equipo empeoran 5,2 puntos, os bens intermedios melloran 3,6 puntos e a enerxía mellora 18,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de xullo foron: a “fabricación doutro material de transporte” que achega 1,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que suma 0,9 puntos e a “fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que achega 0,8 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “fabricación de mobles” e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que restan 0,3 puntos cada unha delas, a “producción de enerxía eléctrica” que resta 1,2 puntos, e “fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que minora 1,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 17,3% de Extremadura e o -5,7% de Murcia. Ademais de Extremadura, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Castilla y León (10,8%), Cantabria (9,4%), Navarra (8,1%), Madrid (4,8%), Cataluña (4,0%) e Galicia (3,5%).


IPI xullo 2018

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	112,7	3,5	7,3	--	--
Bens de consumo	122,4	5,8	0,8	1,4	0,2
Bens de equipo	107,6	2,9	3,3	0,7	0,8
Bens intermedios	123,8	7,8	11,7	2,0	3,2
Enerxía	98,9	-2,9	12,8	-0,7	3,0
España					
Xeral	110,0	2,8	2,0	--	--
Bens de consumo	105,4	2,0	0,2	0,5	0,0
Bens de equipo	118,4	7,4	3,9	1,7	0,9
Bens intermedios	114,4	5,2	3,6	1,6	1,1
Enerxía	101,0	-4,4	-0,6	-0,9	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	3,5		7,3		
Fabricación doutro material de transporte	139,2	1,3	93,4	1,1	2,0
Confección de roupa de vestir	20,5	0,9	0,4	0,0	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	9,5	0,8	7,7	0,6	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	11,8	0,5	6,8	0,3	3,6
Industria da alimentación	3,7	0,5	2,8	0,4	13,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	10,5	0,3	10,1	0,4	4,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8,8	0,3	9,4	0,3	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	8,3	0,3	2,8	0,1	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	13,4	0,2	19,0	0,4	1,4
Metalurxía; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	4,8	0,2	17,4	0,9	5,1
Fabricación de bebidas	4,1	0,2	1,7	0,1	3,5
Industria química	5,3	0,1	9,5	0,2	1,5
Outras industrias manufactureiras	15,4	0,1	26,2	0,1	0,5
Industria do papel	-0,3	0,0	4,5	0,1	2,2
Outras industrias extractivas	-4,2	0,0	14,9	0,1	1,1
Industria téxtil	-15,3	-0,1	-19,4	-0,1	0,6
Fabricación de mobles	-18,9	-0,3	-19,2	-0,3	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-10,6	-0,3	1,9	0,1	2,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,3	-1,2	12,7	2,4	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-10,0	-1,3	-5,0	-0,6	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	110,0	2,8	2,0
Galicia	112,7	3,5	7,3
Andalucía	106,3	-3,1	-1,5
Aragón	109,8	-1,3	2,3
Asturias	104,4	1,1	1,9
Balears (Illes)	112,7	-0,7	-4,4
Canarias	102,8	0,1	1,7
Cantabria	111,6	9,4	9,0
Castilla - La Mancha	104,8	0,1	0,2
Castilla y León	106,1	10,8	3,7
Cataluña	115,8	4,0	3,5
Comunitat Valenciana	111,7	2,2	-0,1
Extremadura	104,6	17,3	3,7
Madrid	111,2	4,8	-0,2
Murcia	109,1	-5,7	2,2
Navarra	95,1	8,1	1,3
País Vasco	109,7	2,8	2,5
Rioja (La)	94,4	-2,8	-1,2

Fonte: INE